

Memoria

Encontro

Maio

2026

# Memoria

## IV Encontro da Rede de Eco Hortas Escolares



## Introducción

Neste documento se recollen as actividades e resultados do IV I Encontro da Rede de Eco Hortas Escolares, celebrado na Finca A Castiñeira (A Baña) o 9 de maio de 2026.

### Programa

9:30-10:00 Recepción

10:00-11:30 Espazo de traballo conxunto

11:30-12:00 Experiencia: Cociñas colaborativas (Daquí Darredor)

12:00-13:00 Visita guiada ao proxecto Finca A Castiñeira

13:00-14:00 Xantar (servizo proporcionado por Daquí Darredor)

14:00 Despedida e bus de volta

## Participantes

En total participaron 13 persoas (12 persoas adultas e 1 nena).

Entre as persoas adultas que se achegaron 2 formaban parte dunha familias participante e 11 eran docentes de centros educativos galegos. As docentes eran tamén participantes do “curso de horta escolar ecolóxica” integrado no Plan Proxecta da Rede da edición 2025-2026. 4 das persoas pertencían a 3 centros están integrados na Rede (CPR Possumus, IES Pedra de Aguiá e CEIPP Abanqueiro) e o resto a outros 7 centros non integrados.

Tamén participou un asesor do CAFI, como parte da súa labor de rexistro de participación das docentes do curso.

Asimesmo, participou Raquel Doallo (aopaso) como observadora, en calidade de avaliadora externa do proxecto.

## Contidos

Logo da presentación inicial e de compartir un almorzo de benvida, levouse a cabo un proceso de intercambio e identificación de necesidades e intereses.

Distribuíronse ás persoas en 3 grupos que traballaron en 3 mesas temáticas, cunhas preguntas sobre as que o grupo debía reflexionar.

Todos os grupos traballaron nas 3 mesas. E os grupos foron modificándose e restructurándose con cada cambio de mesa, para favorecer a diversidade, o intercambio de experiencias e o coñecemento mutuo entre as participantes.

Logo da reflexión, abriuse un espazo de posta en común para recoller as principais conclusións e ideas que saíron nas 3 mesas.

A continuación recóllense os resultados e posta en común de cada unha das mesas.



## Mesa 1

### Preguntas facilitadoras:

- Que prácticas/ferramentas están funcionando ben no voso cole para facilitar a participación? (tanto no grupo de horta como noutros espazos vinculados ao centro)
- Se o teu centro ten horta, consideras que é unha horta participativa? Se é así, que crees que está favorecendo esa implicación de docentes e/ou familias na horta?
- Se o teu centro non ten horta pero hai interés en impulsala, pensa que factores hai na actualidade no centro que poderían favorecer a participación na horta

### Respostas:

-Falta de tempo por parte do profesorado

-Falta de tempo para adicarlle á horta

*Nota: estes dous elementos poderían enmarcarse na Mesa 2, pero saíron nesta mesa tamén como “barreira á participación”.*

-Nun centro do rural pode haber participación das familias (na cidade tamén podería atoparse)

-Apoiarse na horta para impartir elementos curriculares e non considerala como unha perda de tempo

-Dar a coñecer ao profesorado a importancia e beneficios dos proxectos de horta

-Que a produción de horta se disfrute no centro (comedor, merendas, obradoiros de cociña, actividade extraescolar....)

-Facer planificacións que se complementen entre elas segundo as distintas etapas educativas (continuación en Secundaria do feito en Primaria)


## Mesa 2

Preguntas facilitadoras:

- Qué barreiras pensades que dificultan a participación nas hortas escolares?
- Coñecedes algunha outra experiencia/práctica doutros centros que vos gustaría que o voso cole adoptase?

Respostas:

- Disponibilidade horaria
- Falta de cohesión e implicación do profesorado
- Falta de coñecementos para realizar traballos na horta
- Pouca motivación do alumnado en proxectos a longo prazo (en Secundaria)
- Orzamento reducido
- Desinterese do claustro no proxecto de horta
- Falta de espazo pode "montar" a horta/mala ubicación
- Non saber como iniciar o proxecto cando non hai horta no centro (sobre todo ubicación e materiais necesarios)
- O mal tempo desmotiva a facer actividades na horta



## Mesa 3

Pregunta facilitadora:

- Pensade (sen reflexionar sobre se é realista ou factible no voso centro), sobre algunhas ideas que creedes que poden axudar a integrar o proxecto a nivel de centro (é dicir, que todo o cole se involucre na horta)

Respostas:

- Planificación anual da horta accesible a alumnado, profesorado e familias (especificando tarefas e dexando liberdade de escolla das mesmas) cun encargado/a do centro como coordinador/a
- Experiencia no CIFP A Granxa, que ten ciclo de FP relacionado con xardinería e horta
- Empregar as horas de materia de Proxecto Competencial para poñer en marcha a horta escolar
- Facer un proxecto de investigación empregando a horta nas horas de Bioloxía-Xeoloxía e Física e Química e facer actividades experimentais empregando a horta para elo
- No CEIP de Artes (Ribeira) posta en marcha dunha horta ecolóxica coa axuda dunha asociación da zona. Supervisión e coordinación semanal para o día na horta
- Dispoñer dun tempo específico semanal dentro do horario para o traballo na horta

## Coñecendo proxectos agroecolóxicos



Despois do traballo en grupos, as compañeiras do proxecto Daquí Darredor explicaron a súa iniciativa de cociñas colaborativas, pioneira en Galicia. Trátase de dous espazos para utilizar de xeito colaborativo, a cociña e o matadoiro móbil, para a transformación e elaboración de produtos da casa ben para vender ou para consumo propio.

A continuación, Tasio, levou a cabo unha visita guiada pola finca, onde as participantes puideron coñecer diferentes técnicas de cultivo e espazos, así como o espazo de venda directa.

Ademais de hortalizas, o proxecto caracterízase polo cultivo de setas en troncos de madeira.

Tanto as setas como parte das hortalizas de temporada formaron parte do exquisito xantar do que puideron desfrutar as participantes, preparado polas integrantes do proxecto Daquí Darredor.

## Conclusións

O traballo grupal serviu para identificar, dende a experiencia propia das participantes diferentes claves para a mellora das hortas escolares cun obxectivo de lograr a sostibilidade e participación da comunidade educativa neste tipo de proxectos.

Así, entre as **ideas** que poderían levarse a cabo para **favorecer a participación**, descatan: o **emprego da horta para traballar elementos curriculares**, a **difusión interna** e a concienciación dentro do profesorado (dar a coñecer ao profesorado a importancia e beneficios dos proxectos de horta), así como o **aproveitamento da colleita dentro do centro** como elemento de celebración e desfrute, como aporte ao comedor e ás merendas (reforzando e educación en alimentación saudable e nutrición) e como actividade educativa (obradoiros de cociña, actividade extraescolar....)

En canto ás **barreiras** identificadas, as máis sinaladas son a **falta de tempo e e coñecementos**, pero tamén outras como o **desinterese ou falta de apoio do claustro** ao proxecto (relacionado tamén coa **falta de recoñecemento ás horas de implicación no proxecto de horta**, considerado en moitos casos como algo voluntario). Tamén se sinalan outras como a **escaseza de espazo e/ou o condicionante da climatoloxía** para poder facer actividades no exterior.

En canto as **propostas para integrar o proxecto a nivel de centro**, ponse o foco na necesidade de coordinación entre o profesorado cunha **planificación anual da horta compartida e accesible** a alumnado, profesorado e familias e unha persoa coordinadora, así como asignación de tempo semanal para as distintas docentes involucradas. Tamén destacan estratexias de **colaboracións con asociacións, centros de FP** con ciclos de formación relacionados coa agricultura (como o CIFP A Granxa), que apoien na posta en marcha e desenvolvemento das hortas, e desenvolvemento de **proxectos de investigación** para traballar a horta a nivel curricular. Por último, en canto á dificultade da adicación de tempo, identifícanse os **proxectos competenciais como unha oportunidade para poder incluír a horta** nos mesmos.

